

NORMALIZADE A VIDA DO NENO/A?

- A mellor maneira de afrontar a fase posterior á morte dun familiar cercano é normalizar a vida dos nenos/as, especialmente no que rutinas actividades se refire.
- É importante mostrarlles apoio emocional e cariño.

A FASE DE DÓ

- Como ocorre cos adultos, os nenos precisan elaborar e asumir esta experiencia e tamén pasan por unha fase de dó.
- Cada neno/a ten a súa forma particular de vivir esta etapa.É importante saber que non todos os nenos/as a viven com sentimentos de dor e/ou tristeza.
- Moitos rapaces viven esta fase com rabia, problemas de sono, de alimentación, com mal comportamento, medos excesivos, condutas infantiles...

ACUDIR A UN ESPECIALISTA

- Debese acudir a un especialista, se pasado un tempo prudencial (dous meses como máximo) o nenos/a non pode levar unha vida normalizada, ou existen alteracións importantes en algún aspecto: sono, alimentación, conduta, emocións, rendemento académico....

COMO FALARLLES DA MORTE AOS NENOS/AS

INFORMACIÓN PARA PAIS E NAIS



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ

ANTES DE COMEZAR DEBEMOS SABER QUE....

- *Cando falece un familiar moi cercano como o pai, a nai, irmáns avos... é cando os nenos/as teñen que afrontar por primeira vez o tema da morte. Tamén sucede cando falece algún compañeiro ou mascota.*
- *Este é un tema especialmente delicado porque produce malestar e angustia a moitos rapaces. Por iso os pais deben abordalo da mellor maneira posible, evitando evasivas, respostas falsas ou incoherentes.*
- *A forma que teñen de experiencialo é diferente en cada neno/a; depende da súa idade, sensibilidade e outros aspectos familiares e culturais.*
- *A continuación propoñemos una serie de pautas moi escuetas para abordar esta situación.*

1. EXPLICAR O CICLO DA VIDA:

- Cando se interesan pola morte sen que haxa un feito cercano que o xustifique, podedes empezar por explicarlles dunha maneira tranquila como funciona o ciclo da vida: nacemos, crecemos, vivimos...e finalmente morremos.

CANDO MORREREMOS?

- Tamén podedes explicarlles que a maioría das persoas morren cando son maiores, aínda que en ocasións tamén falecen persoas xóvenes si están enfermas ou por accidente.

NON DEMORES A NOVA?

- Cando falece alguén do círculo máis íntimo, hai que darlle a nova o neno/a, canto antes, sen demoralo, porque podería sabelo por terceiras persoas.

COMUNICAR O FALECIMENTO?

- Deben ser os pais (nai ou pai) os que comuniquen a noticia; apartalos a un lugar tranquilo e explicarlles o ocorrido de maneira tranquila, pausada, sen gritos nen estridencias. Non é preciso dar detalles nen moitas explicacións.
- Se isto non fora posible, pode facelo outra persoa cercana. Alguén alleo á familia só debería facelo cando non quede máis remedio.

NON CREAR FALSAS EXPECTATIVAS

- Non lle podemos crear ós nenos/as falsas expectativas acerca dun posible retorno, como por exemplo “marchou de viaxe”.
- Temos que ter en conta que os nenos/as máis pequenos non acostuman a comprender que a morte é algo definitivo.

QUE EXPRESEN OS SEUS SENTIMENTOS

- Debemos deixar que os nenos/as expresen os seus sentimentos libremente, sen reprimilos.
- Pero temos que ter en conta que non debemos obrígalos a que os expresen se eles non queren.
- Tamén os familiares poden expoñerlles os seus sentimentos do xeito máis sosegado posible.

RESPOSTA AS SÚAS PREGUNTAS

- Os nenos/as acostuman a facer preguntas sobre a morte, no momento en que coñecen a noticia ou con posterioridade.
- As preguntas hai que abordalas, tamén as das circunstancias da morte sen entrar en detalles.